

CONVENIO DE COLABORACION EMPRESARIAL EN ACTIVIDADES DE INTERES GENERAL (ART. 25 DE LA LEY 49/2002, DE 23 DE DICIEMBRE, DE RÉGIMEN FISCAL DE LAS ENTIDADES SIN FINES LUCRATIVOS Y DE LOS INCENTIVOS FISCALES AL MECENAZGO) ENTRE VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U E A FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

Santiago de Compostela, a 7 de novembro de 2018

Dunha parte a **FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provisto do NIF G-15721640. Constituída o día 27 de decembro de 1999, ante o notario do Ilustre Colexio de don, con número de Protocolo. A Fundación está inscrita no rexistro de fundacións de interese galego co número 73.

Está representada neste acto por Ana Isabel Vázquez Reboredo, na súa condición de Directora Xerente, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación na sesión do 16 de decembro de 2016, poder escriturado ante o notario do Ilustre Colexio de don, con número de Protocolo.

E doutra parte, **VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U**, con domicilio social en Rúa do Vilar nº 18, 2º de Santiago de Compostela (A Coruña), e provista do Número de Identificación Fiscal A66141185, e inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela, Folio 15, Tomo 212, Folla SC-46965, inscrición 1.

Está representada neste acto por D., con DNI, quen actúa mediante facultades de representación conforme a escritura de outorgamento de poderes, formalizada ante o Notario do Ilustre Colexio de, Don, de data co seu número de protocolo

As partes, segundo interveñen, se recoñecen, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e a representación suficiente para formalizar o presente convenio de Colaboración (o “**Convenio**”), e ao efecto

EXPONEN

I.- Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** foi constituída o 27 de decembro de 1999, mediante escritura pública outorgada ante o Notario de, , co número do seu protocolo, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da

Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura e Turismo, que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

II.- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten por obxecto creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición y consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural.

O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá realizarse directamente pola fundación, ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

III.- Que en cumprimento dos seus fins fundacionais, a Fundación promove actividades tendentes a *“propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.”*

Neste sentido, a Fundación procura o fomento da conservación e defensa do medio ambiente, e como tal, realiza actividades de concienciación no consumo solidario e sustentable dos recursos enerxéticos, e ten previsto realizar en 2019, as seguintes actividades relacionadas co medioambiente;

1.- INTERVENCIÓN ARTÍSTICA EN LAS TORRES HEJDUK; En marzo de 2019, coincidindo no mes coas conmemoración do Día Mundial da Auga e o Día Mundial dos Bosques, e ata o mes de agosto, as Torres Hejduk albergarán un proxecto cuxa liña argumental vire ao redor da auga e/ou ao Medio Ambiente.

2.- HOLI GAIÁS; coincidindo coa época primaveral, regresa a carreira popular coa que a Cidade da Cultura festexa a benvinda da estación e promove o contacto coa natureza. Na súa terceira edición, consolídase como unha actividade imprescindible da programación.

3.- CIDADE VERDE; en xuño de 2019, celébrase Cidade Verde. Unha xornada cargada dun amplo programa de actividades lúdicas e didácticas ao redor da ecoloxía, a sustentabilidade, a vida activa e o coidado do medio. A través da música, obradoiros e o deporte, Cidade Verde convidará a descubrir a natureza.

4.- UNHA NOITE NO BOSQUE; (entre xullo e agosto de 2019). Trátase dunha actividade infantil orientada a que nenos entre 10 e 13 anos poidan ter a súa primeira experiencia de autonomía e interacción coa natureza durmindo unha noite no Bosque de Galicia. Con esta xornada preténdese estimular o contacto coa natureza, reflexionar acerca dos bosques, así como da fauna e flora do hábitat galego.

III.- Que **VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U. (en adiante, VIAQUA)** é unha empresa do sector do medio ambiente que xestiona todos os procesos relacionados co ciclo integral da auga e cuxo modelo se basea na constante innovación

tecnolóxica e na adecuada xestión do coñecemento, así como no uso sustentable de todos os recursos dispoñibles.

IV.- Que **VIAQUA**, mantén e desenvolve unha importante actividade económica na Comunidade Autónoma de Galicia a través dos seus distintos centros nela situados, e recoñece a importancia da difusión da industria da madeira e a súa sostibilidade, e a tal fin desexa colaborar na súa realización, promoción e difusión, mediante unha achega económica, en consonancia coa súa política social corporativa, de forma altruísta, e sen contraprestación ningunha da cantidade que se referencia posteriormente na cláusulas do presente convenio.

Que, en virtude das consideracións anteriores, ambas as dúas partes acordan a firma do presente acordo, de acordo coas cláusulas seguintes;

CLAUSULAS

Primeira. - Obxecto. Contido e alcance

O presente Convenio ten por obxecto regular os termos e condicións da colaboración de ambas entidades, prestando apoio ás actividades de promoción da defensa e conservación do medio ambiente e natureza que programa a Fundación no ano 2019, e en concreto;

- 1.- Colaboración con carácter exclusivo no desenvolvemento das actividades a realizar con motivo da INTERVENCIÓN ARTÍSTICA EN LAS TORRES HEJDUK.
- 2.- Colaboración principal, pero non exclusivo, na III edición da carreira popular 'HOLI GAIÁS' coa que a Cidade da Cultura festexa a benvinda da primavera e o contacto coa natureza.
- 3.- Colaboración con carácter non exclusivo no desenvolvemento das actividades a realizar con motivo de CIDADE VERDE.
- 4.- Colaboración con carácter non exclusivo no desenvolvemento das actividades a realizar con motivo de UNHA NOITE NO BOSQUE.

Co fin de alcanzar o devandito obxecto, VIAQUA asume o compromiso de efectuar a achega económica que se indica na cláusula terceira seguinte para a promoción, divulgación, apoio e mecenado as actividades de promoción da defensa e conservación do medio ambiente e natureza que programa a Fundación ao longo do ano 2019.

Pola súa banda, a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, se compromete a:

- a) aplicar a achega económica ás actividades e nos termos recollidos nos parágrafos anteriores.
- b) difundir e facer constar, de forma visible, a colaboración prestada por VIAQUA nas comunicacións ou publicacións en que difunda información relativa ás actividades desenvolvidas coa colaboración de VIAQUA, todo iso, nos termos que se indican na cláusula cuarta seguinte.

Segunda. - Duración

O presente Convenio terá unha duración dende o 01 de xaneiro de 2019 e ata o 31 de decembro de 2019 estando expresamente prohibidas as prórrogas expresas ou tácitas.

Terceira. - Aportación económica

A empresa VIAQUA comprométese a entregar a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA unha achega económica en metálico con carácter de **doazón de 15.000,00 euros (QUINCE MIL EUROS)**, nun só prazo, a ingresar no primeiro trimestre do ano 2019, na conta número en la entidad, titularidade da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Unha vez recibida a referida achega económica, a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA expedirá a favor de VIAQUA unha certificación acreditativa da achega realizada, nos termos do establecido na Lei 49/2002, de 23 de decembro, do Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado e do seu Regulamento de desenvolvemento.

Cuarta.- Difusión da participación do colaborador

En tanto dure o presente convenio de colaboración, a difusión da participación de VIAQUA nas actividades da CIDADE DA CULTURA DE GALICIA levarase a cabo nos seguintes termos:

- A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA comprométese a difundir a participación e colaboración de VIAQUA mediante a inserción da súa marca, denominación social ou logos en cantos rótulos, impresos, catálogos, selos, publicidade e en calquera outra información que se publique ou edite en relación coas actividades desenvolvidas coa colaboración de VIAQUA. A estes efectos, VIAQUA facilitará á FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA o modelo de marca ou logotipo que deba ser difundido e a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA axustarase en todo caso e calquera que sexa o material que no que se insira, o deseño facilitado por VIAQUA.

- A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA comprométese a que sexa mencionada a colaboración en todos os actos de difusión referidos á actividade.

- VIAQUA poderá facer pública a súa participación nas actividades de FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, baixo a denominación de Entidade Colaboradora de FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.

En todo caso, a difusión da participación de VIAQUA no desenvolvemento das actividades da FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA citadas na cláusula primeira, realizarase segundo a dispoñibilidade de cada unha das partes.

Queda expresamente excluída deste convenio a publicidade, ou a difusión de calquera produto ou servizo que poida prestar o Colaborador.

Quinta.- Propiedade intelectual

En ningún caso as cláusulas do presente convenio supoñen a cesión ou transmisión de calquera dereitos de propiedade intelectual ou industrial titularidade de VIAQUA.

O uso non autorizado, ou para un fin distinto ao pactado no presente convenio por parte da FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA de calquera signo distintivo protexido polos dereitos de propiedade intelectual ou industrial ou intelectual de VIAQUA, facultará a esta para instar a resolución do presente Convenio, en cuxo caso, a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA comprométese a restituír a VIAQUA o importe das achegas realizadas

e, todo iso, sen prexuízo da correspondente indemnización de danos e prexuízos a que houber lugar.

Sexta. - Causas de resolución

O presente Convenio poderá resolverse por calquera das seguintes causas:

- Por mutuo acordo das partes. As cantidades que haxan de satisfacerse no seu caso, serán as que as partes conxuntamente determinen no acordo de resolución.
- Por incumprimento das obrigas das partes. Cando o Convenio se resolva por causas imputables a calquera das partes, a parte incumplidora haberá de reparar os danos e prexuízos que por tal motivo tiver causado á outra parte.
- Por denuncia das partes poñéndoo en coñecemento da outra, polo menos cun (1) mes de anticipación á data en que desexase deixalo sen efecto.

En todo caso, haberán de ser finalizadas as accións que no seu momento se achen en curso ou estea comprometida a súa realización.

Sétima. - Protección de datos de carácter persoal

As partes se responsabilizan de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco da execución do obxecto do convenio se fará con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE. En caso de incumprimento do estipulado, a parte que a quen corresponda dito incumprimento, será responsable das infraccións que deriven del e, en particular:

- As partes tratarán os datos única e exclusivamente conforme as instrucións que reciba do responsable do ficheiro, comprometeranse a que o persoal manteña a obrigaçión de segredo profesional a respecto deles e non os comunicarán a outras persoas, en ningún caso, para a súa conservación.
- Cada parte, cando actúe como encargado do tratamento, garantirá a adopción e implementación das medidas de seguridade correspondentes ao tipo de datos tratados en atención ao disposto no Regulamento Europeo de Protección de Datos.
- Cada parte, cando actúe como encargado do tratamento, non aplicará nin utilizará tales datos con fins distintos aos derivados da natureza do convenio. En caso de que o adxudicatario destine os datos a outra finalidade, os comunique ou os utilice incumprindo as cláusulas anteriores será considerado, tamén, responsable do tratamento, e responderá das infraccións en que incorrese persoalmente. Non obstante, a parte non incorrerá en responsabilidade cando, logo de indicación expresa do responsable de tratamento, comunique os datos a un terceiro designado por aquel, que terá a consideración de encargado do tratamento e, por tanto, deberá axustarse ás instrucións do responsable do ficheiro.
- As partes non aplicará nin utilizará os datos con fins distintos á prestación de que é obxecto este convenio, nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas.
- As partes non poderá utilizar as redes de comunicacións situadas nas instalacións do responsable do ficheiro para transmitir datos procedentes dos ficheiros desta última

con destino a terceiros e, en caso de que estas redes sexan da súa titularidade, adoptará sobre elas as medidas de seguridade necesarias para evitar o acceso de terceiros non autorizados.

Unha vez cumprido o obxecto do convenio, os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos ao responsable do ficheiro, ao igual que calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento. Non procederá a destrución dos datos cando exista unha previsión legal que exixa a súa conservación; neste caso, estes deberanse devolver.

Oitava. - Tributos

Na execución do contido do presente convenio, cada parte soportará os tributos que se poidan percibir e sexan do seu cargo segundo a Lei.

Novena. – Natureza

O presente acordo ten a natureza prevista no artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, e que, en ningún caso, debe considerarse que persegue os fins dos contratos de patrocinio publicitario recollidos no artigo 22 da Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeneral de Publicidade.

Para todos os efectos, a difusión da participación do Colaborador na actividade da Fundación non constituirá unha prestación de servizos.

Décima.- Xurisdición e competencia

VIAQUA e a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA comprométense a buscar a resolución de calquera conflito ou incidencia que puidese xurdir na interpretación ou execución do presente convenio de xeito amigable.

En caso de que non puidese ser resolto como antecede, o presente Convenio someterase á xurisdición dos Xulgados e Tribunais de Santiago de Compostela.

Undécima. - Notificacións

Todas as notificacións, requirimentos, peticións e outras comunicacións que haxan de efectuarse polas partes en relación co presente Convenio, deberán realizarse por escrito e será dirixida por calquera medio admitido en dereito que permita ter constancia da súa data, da súa recepción e do seu contido, ben por correo electrónico ou ben por correo postal ao domicilio da outra parte, considerándose entregada tres días despois do envío sempre que o remitente teña no seu poder o xustificante de envío.

Décimo segunda. – Publicidade

Conforme ao previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este convenio incluírase no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia a que se refire o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Este convenio de colaboración será obxecto de publicación na páxina web oficial correspondente, coa expresión da súa contía e finalidade, de acordo co disposto na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Non obstante o anterior, a sinatura do convenio non leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade.

E en proba de conformidade, asínase e rubrica o presente Convenio, por duplicado, e para un só efecto, no lugar e data do encabezamento.

Pola Fundación Cidade da Cultura

**Por Viaqua Gestión Integral De Aguas
De Galicia, S.A.U**

Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente

|